

ARTIGO 4 das Bases que rexen a convocatoria

DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF/NIE/Pasaporte da persoa solicitante.
- b) Fotocopia do libro de familia completo/s.
- c) Fotocopia da matrícula do/a menor.
- d) Xustificante dos ingresos económicos de cada un dos membros da unidade familiar:
 - Pensionistas: documento acreditativo da pensión que recibe
 - Traballadores por conta allea: fotocopia das tres últimas nóminas.
 - Traballadores/as autónomos/as: última liquidación trimestral do IRPF
 - Desempregados: fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e período de cobertura ou pensión correspondente do INSS ou da pensión non contributiva ou calquera outra prestación (RISGA, prestación por ser vítima de violencia de xénero....)
 - Estudantes maiores de 16 anos: xustificante ou matrícula de estudos.
- e) Domiciliación bancaria para o aboamento da contía concedida.
- f) Autorización expresa do/a solicitante e de outros membros que compoñan a unidade familiar ou de convivencia, maiores de idade, para recabar a información a:
 - Padrón Municipal de Habitantes, en relación aos datos de convivencia da unidade familiar (ANEXO IV).
 - Axencia Estatal da Administración Tributaria, en relación aos datos de carácter tributario (ANEXO IV).

g) En caso de separación ou divorcio, setenza e convenio regulador ou xustificación da situación mediante a presentación da correspondente demanda xudicial. Se o/a solicitante non percibe a pensión alimenticia fixada en resolución xudicial, acompañará xustificación documental de ter formulada a correspondente demanda/denuncia por incumprimento do obrigado a prestalos.

Se non houberse convenio regulador, calquera documento que acredite que o proxenitor/a a quen corresponda, cumpre coa súa obriga no relativo á pensión alimenticia. No caso de que o/a solicitante non perciba pensión alimenticia para os/as menores, acompañarase a reclamación correspondente.

- h) Declaración responsable das axudas económicas percibidas ou non doutras administración públicas ou entidades privadas polo mesmo concepto (ANEXO II).
- i) Declaración xurada de que está ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ferrol (ANEXO III)
- j) Calquera outra documentación que o Concello de Ferrol estime precisa para a resolución da solicitude presentada.